

# **MORRENDO NA MAREA**

Corría por aquel val coma alma que leva o demo. Era forte, e ninguén podería resistir aquela forza da natureza que levaba consigo todo o que estivese no seu camiño. Mais aqueles momentos de forza e poderío ían desaparecendo a medida que más metros percorría .

Agora xa non ía tan veloz, sentíase en paz.

Vía persoas que se achegaban a ela, sen se preocupar demasiado. Levaban na cabeza odres cheos cun pouco do seu sangue. Ao final do seu camiño, deixábase levar sabendo que no mar debía xuntarse con outras augas que a levarían á morte.

Cando chegou, desfíxose daquela terra que levaba consigo dende o seu nacemento dando lugar a un delta, que medraría co tempo.

ROX